

Cuestionario sobre a IDADE MEDIA

1. Sitúa cronoloxicamente o período histórico da Idade Media. Que dous acontecementos marcan o inicio e o final? En que dúas etapas podemos dividir a Idade Media?
2. Como se denomina a organización social , económica e política da Idade Media?
3. Explica a pirámide feudal das clases sociais.
4. Quen eran os bellatores, oratores e laboratores?
5. En que século van renacer as cidades durante a Idade Media? Con que etapa da Idade Media se corresponde?
6. Que causas explican o renacer destas cidades?
7. En que espazos van aparecer estas cidades medievais?
8. Onde van xurdir os barrios artesáns? Como se denominan?
9. Que significado adquire co tempo a palabra “burgués”?
10. Que eran os gremios?
11. En que espazos/lugares se desenvolveu a cultura medieval?
12. Que labor cultural exerceron os monxes dos mosteiros?
13. Que disciplinas se aprendían en mosteiros e escolas catedralicias? Como se agrupaban?
14. Que artes arquitectónicas se desenvolveron durante a Idade Media?

Galicia na Idade Media

15. En que século chegaron os Suevos a Galicia? O territorio de Galicia era o mesmo que o da Galicia actual? Cantos anos durou o reino dos suevos? Cal foi a súa capital?
16. Que outro pobo xermánico acabou por conquistar o reino suevo de Galicia?
17. Cales son 3 diferentes territorios ocupados polos visigodos? Era, polo tanto, Galicia un territorio diferenciado dos outros dous?
18. A que modelo de organización territorial se pasa durante o dominio suevo? Que fonte temos para afirmar isto?
19. Que podes dicir sobre a presenza dos árabes en Galicia?
20. É axeitada a denominación de reis asturianos ou rei leoneses para os primeiros reis que gobernaron o territorio da Gallecia durante a chamada reconquista? Como xorde esta denominación de reis asturianos ou leoneses?
21. Que estratexias empregan certos historiadores españois para manipular a denominación de reis de Galicia en reis de Asturias ou León.
22. Cal era a lingua de nacemento dos reis da Gallecia durante este período?
23. Que foi a Era Compostelá? En que século a sitúas?
24. Que feitos favoreceron o esplendor da Era Compostelá?
25. Cales foron as consecuencias desta Era Compostelá?
26. Cales foron as melloras agrícolas que propiciaron unha produtividade maior durante a Idade Media?

27. Describe:

Unha cidade medieval

Unha aldea medieval

Un muiño de auga

A casa/obradoiro dun artesán.